

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA AS VISITAS DO CASTELO DE SOUTOMAIOR E O SEU XARDIN DENTRO DA PROGRAMACION DO TREN TURISTICO DE GALICIA**

En Pontevedra,

### **REUNIDOS**

Dunha parte, , en calidade de Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, NIF, en virtude do acordo plenario, de 17 de xullo de 2015 e das potestades que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Reguladora das Bases do Réxime Local, con domicilio no Pazo provincial na Avda., de Montero Ríos s/n de Pontevedra, actuando en e calidade de Presidenta da Deputación de Pontevedra.

Doutra parte, D., vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo, en representación da Axencia de Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional novena do Decreto 130/2020, do 17 de setembro (DOG núm. 190, do 18 de setembro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, Don, Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando como fedatario público do presente acto.

As partes recoñécense entre si capacidade xurídica suficiente e poder bastante para obrigarse neste Convenio de colaboración e, a tal efecto,

### **EXPOÑEN**

- I. O Castelo de Soutomaior (propiedade da Deputación de Pontevedra) é un elemento esencial do patrimonio histórico-cultural da provincia e como tal a Deputación Provincial de Pontevedra ten a obriga de protexer, defender, realzar e dalo a coñecer, tal e como se recolle no artigo 3.2.a) da Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- II. O Castelo de Soutomaior constitúe un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas. O seu uso, funcionamento e organización están regulados mediante ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do 26 de outubro de 2018

(BOP nº 218 de 13 de novembro de 2018). Segundo o artigo 3, son funcións e tarefas do Castelo de Soutomaior, entre outras, a programación de actividades e a realización de actividades de promoción e divulgación.

- III. Que á Axencia Turismo de Galicia correspóndelle o impulso e o desenvolvemento da actividade turística, a mellora do sector turístico, e a creación, implantación e adecuación de novos produtos e recursos turísticos. E especialmente no que se refire ao presente convenio, correspóndelle posibilitar novos produtos turísticos dentro da programación do tren turístico de Galicia
- IV. Que ás liñas de traballo actuais da Axencia Turismo de Galicia apostan polo impulso do turismo nas diferentes comarcas de Galicia, segundo principios de xestión sostible e ligadas á aparición de novas demandas turísticas específicas. Esta campaña denominada Trens turísticos de Galicia contou xa dende a súa primeira edición co Tren da Ruta dos Pazos e Xardíns Históricos de Galicia, no que se visitaban tres xardíns galegos impregnados de romanticismo e historia, entre eles, o do castelo de Soutomaior e o propio Castelo.
- V. A lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece, no seu artigo 118, que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos.

As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Pontevedra, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

- VI. De conformidade co previsto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a Deputación de Pontevedra ten competencia sobre a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, de acordo coas competencias coas demais Administracións Públicas, neste ámbito.
- VII. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións públicas serven con obxectividade aos intereses xerais e deberán respectar, na súa actuación, a eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos e a cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas se rexen, nas súas relacións, polos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Constitución, á Lei e ao Dereito.
- VIII. De conformidade co previsto no artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público as Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer a cesión da titularidade da competencia.
- IX. De conformidade co previsto no artigo 2.2 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos no Castelo de Soutomaior, aprobada polo Pleno da Corporación Provincial da Deputación de Pontevedra, na súa

sesión ordinaria do 31 de xullo de 2018 (BOP nº 160 de 21 de agosto de 2018), “non están suxeitos a esta taxa os servizos que se presten en virtude de convenios con outras administracións públicas”

- X. As partes asinantes coinciden na conveniencia e necesidade de xuntar esforzos e impulsar dende o ámbito de competencias das distintas entidades convenientes, iniciativas, programas, proxectos e accións conxuntas dirixidas a impulsar e mellorar o patrimonio e o turismo da provincia.

É por iso que as entidades acordan formalizar o presente convenio, conforme as seguintes

## CLAÚSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

O obxecto do presente convenio é establecer o réxime de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e Axencia de Turismo de Galicia, dentro da programación do Tren turístico de Galicia, en concreto co tren da “Ruta dos Pazos e xardíns históricos de Galicia”

### **SEGUNDA– COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

A Deputación de Pontevedra colaborará coa actividade organizada pola Axencia Turismo de Galicia con fin de promocionar o valor histórico e patrimonial do Castelo de Soutomaior.

En aplicación do disposto no artigo 2 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos no Castelo de Soutomaior, non estarán suxeitos á taxa os servizos prestados en virtude deste convenio.

Consideraranse servizos prestados, a efectos deste convenio, a visita ao interior do Castelo de Soutomaior e ao seu xardín das persoas usuarias do tren turístico da Ruta dos Pazos e xardíns históricos de Galicia, nas datas e horas programadas por tempada turística.

Estas visitas incorporaranse á programación de visitas do Castelo de Soutomaior sempre que a Axencia Turismo de Galicia comunique as datas no primeiro trimestre de cada ano natural.

O número máximo de días de visita no marco deste convenio será de cinco ao ano.

### **TERCEIRA– COMPROMISOS DA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA**

A Axencia de Turismo de Galicia remitirá anualmente, no primeiro trimestre do ano, ao abeiro deste convenio unha solicitude coa programación de saídas para cada tempada da campaña do tren turístico.

#### **CUARTA.- PUBLICIDADE**

Nas actividades ou actuacións que se realicen en desenvolvemento do presente convenio farase constar de maneira expresa e clara a participación do Castelo de Soutomaior e a Deputación de Pontevedra.

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso dos asinantes para incluír e facer públicos os datos referidos a este no rexistro público da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

O réxime de publicidade do convenio será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

#### **QUINTA - VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o remate dos compromisos contemplados por ambas administracións, por un período de catro anos.

No suposto de que as administracións asinantes acordaran unanimemente a súa prórroga esta realizarase conforme ao establecido no artigo 49, apartado h, da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **SEXTA – MECANISMOS DE SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL**

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente. Esta comisión estará integrada por un representante designado por cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

## **SÉTIMA - NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE**

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución á xurisdición contencioso - administrativa.

Así mesmo, rexerese pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

## **OITAVA – MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN**

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.
- O acordo unánime de todos os asinantes.

## **NOVENA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións da Axencia Turismo de Galicia realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. As notificacións da Deputación de Pontevedra practícaranse a través da “Carpeta Cidadá” e de “Dirección Electrónica Habilitada Única”. Ambos sistemas son accesibles desde a sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade asinan o presente convenio de forma dixital na data indicada á marxe, 2 de xullo de 2021.

Presidenta da Deputación de  
Pontevedra

Presidente de Turismo de  
Galicia

Secretario da Deputación de  
Pontevedra